



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 30 de setembro de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 23 de setembro de 2020.
2. Adxudícase o contrato de obras de “Muro de sostemento no Camiño de Cividanes” á empresa Construcciones, Obras y Viales, S.A. polo prezo de 96.652,27 €, cofinanciada pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro do Plan Concellos 2018-2019.
3. Declárase a nulidade do procedemento de contratación do Lote 2 do contrato de “Desenvolvemento dunha plataforma de administración dixital para o Concello de Marín, adquisición de equipamento para a súa correcta implantación e implantación dunha solución hiperconverxente. Actuación cofinanciada pola Unión Europea a través do FEDER cunha taxa de cofinanciamento do 80%, no marco do eixo 12 do POPE 2014-2020, concretamente, a EDUSI Marín 2020”, en cumprimento da Resolución do TACGAL.
4. Dáse conta da denegación de subvención para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, da Consellería de Cultura e Turismo, para o proxecto “Ampliación da Casa da Cultura de Seixo”.
5. Concédese licenza de legalización de obras para a conservación, mantemento e mellroa do canal de rego privado e muro de contención no interior da parcela sita no lugar de Igrexario de Mogor, 175-B.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Adxudícase o contrato de obras de “Paseo Marítimo Alcalde Blanco en Marín – Pontevedra. A presente actuación está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha taxa de cofinanciamento do 80%, no marco do eixo 12 do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e, máis concretamente, da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) Marín 2020”, á UTE Prace – Emergis Construcciones, polo prezo de 1.312.653,45 €.
2. Concédese licenza de obras para a rehabilitación exterior de vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira, coa demolición de galpóns anexos e cambio de cuberta e carpintería, no lugar de Cadrelo, 31, Sto. Tomás de Piñeiro, Marín.
3. Concédese licenza de obras de reestruturación parcial de edificación existente anexa á vivenda de 1930, en mal estado de conservación, sita no lugar de Casás, nº 69.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005D5C900W8E3X5A0Y5S0 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200382409
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 01/10/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/10/2020 10:44:26	Fecha: 01/10/2020 Hora: 10:44